Nº Rexistro: 16486

Data envío: 14/09/2017 10:55:42.238

Data 14/09/2017 10:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 9889**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación co peche da pesqueira da cigala para a frota galega de arrastre ata o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 125, do 8 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Antes de nada convén sinalar que a Consellería do Mar traballou da man do sector desde o primeiro momento, concretamente coa frota de arrastre, para demostrar que non era necesaria a decisión de manter pechada a cota da cigala durante os próximos tres anos, ao impoñer a UE un TAC cero. É importante que se coñeza todo o traballo que este departamento ten levado a cabo a través de múltiples reunións a varias bandas para dar solución a este asunto.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente gracias a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector xunto a técnicos do IEO e da propia Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recabados os datos suficientes por parte do sector, constataron que existe cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso.

Este traballo conxunto recolle que efectivamente diminuíron as descargas de cigala pero non por cuestións biolóxicas senón por razóns puramente administrativas ao avaliarse o estado da poboación desta especie unicamente baseándose en datos de descarga.

Así, dos 80 barcos de arrastre de litoral que quedan no Cantábrico, son uns 10 os que consumen integramente a cota (de 434 quilos o ano pasado). E a pesar de que realizan intercambios con outras embarcacións, o certo é que queda infrautilizada, porque os armadores, pola razón que sexa, deciden non vendela, nin cedela, nin intercambiala.

CVE-PREPAR: 93b28e90-bd15-e6668-d535-da4a317df592

O dato definitivo de que a situación da cigala non está tan mal como a describen os científicos do ICES é que, na unidade funcional 25, onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 quilos fronte aos 0,18 do 2015).

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos, así como o impacto das cotas individuais

Con arreglo a este estudio conseguíuse que a Secretaria General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente autorizase o inicio da campaña da cigala, que deu comezo o 10 de agosto e que se desenvolverá ata o 30 de setembro, agás as fins de semana e para a cal se agarda un óptimo número de capturas pensando tamén en que nun futuro o caladoiro CNW volva a ter cota para esta especie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:55:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10176**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Perez Seco, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para establecer, no decreto que regula os albergues, a exigencia de lenzaría de tea como norma xeral imperativa para ese tipo de aloxamentos, as posibles repercusións na súa viabilidade económica e a posible consideración como unha medida de competencia desleal cos albergues da rede pública, que non teñen esa obriga.”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos entrou en vigor en maio de 2016 coa intención de regulamentar esta modalidade de hospedaxe como un dos tipos de establecemento nos que se exerce a actividade turística de aloxamento. Establécense, ademais, os requisitos para a súa clasificación, así como o réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos.

Trátase dun decreto co que o Goberno galego pretende garantir a calidade e a imaxe de Galicia, que é especialmente importante tamén no caso dos albergues, dado o compoñente internacional do Camiño de Santiago. Ademais, dá resposta a un dos obxectivos estratéxicos do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, co que se busca a excelencia na experiencia dos peregrinos satisfacendo as súas necesidades e expectativas.

O que esixe a nova regulación non é máis que a necesidade de que o hóspede poida facer un uso inmediato da habitación contratada o que supón tanto que a cama conte con lenzaría, como que o baño dispoña de toalla para que esa persoa se poida asear e/ou duchar. Do mesmo modo, que é esixido nos decretos doutras Comunidades Autónomas.

Desde o Goberno galego, baseándonos nos usos habituais, na opinión dos expertos da inspección turística e de calquera turista usuario de albergues ou calquera tipo de establecemento de aloxamento, estimamos que a lenzaría de tea supón maior calidade e confort. Así mesmo, non supón un maior nivel de hixiene que o material sexa de celulosa ou tea.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Ademais, e en relación a se as camas deben estar previamente feitas ou deben ser feitas no momento da súa contratación polos usuarios, o decreto establece claramente que a contratación do aloxamento efectuarase en condicións e con equipamento, instalacións e servizos que permitan a súa inmediata utilización, polo que a responsabilidade do cumprimento deste precepto queda en mans do albergueiro, sen que en ningún caso poida supor menoscabo no servizo.

Ademais, de acordo coas estimacións realizadas pola Xunta de Galicia así como por diferentes albergueiros, non existe incremento de prezo polo feito de utilizar sabas de tea ou celulosa, os prezos polo lavado e pranchado de sabas de tea son similares ao de compra de sabas de celulosa desbotables. Do que se trata é de levar a cabo un cambio no sistema de mellora e calidade do servizo ao turista.

Finalmente, a mencionada esixencia si figura no decreto regulador toda vez que o artigo 24 obriga ao cambio da lenzaría, tanto dos cuartos como do baño, sempre que se trata dun mesmo usuario, xa que no caso de que o usuario sexa distinto deberá poñerse á súa disposición unha nova lenzaría sen usar por usuarios anteriores e responde ao feito de que esta lenzaría sexa de tea e non de celulosa.

Tampouco se trata dunha competencia desleal coa rede pública de albergues, xa que as condicións nas que se ofertan son, en moitos aspectos, diferentes ao privados e, ademais, a maioría dos albergueiros non aprecia competencia desleal na rede pública senón o elemento que posibilitou e favorece incluso o seu negocio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:40:54



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10605**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo , sobre **“a actuación do Goberno galego en relación á adopción das medidas destinadas á loita contra a Vespa vetulina, e a paliar os danos ocasionados ao sector apícola”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tal como se informou puntualmente por parte da Consellería do Medio Rural á totalidade das asociacións apícolas, o Programa Nacional Apícola para o período 2017-2019 non contempla axudas para reposición de enxames, senón unha liña de Medidas de apoio á repoboación da poboación apícola española, materializada en axudas para a cría de raíñas de razas autóctonas para reposición de baixas, e para investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas...). Esta liña foi incluída na orde de axudas á apicultura en Galicia, Orde do 17 de marzo de 2017 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2017 (DOG N° 61 do Martes 28 de marzo de 2017).

En todo caso, e tal como tamén se trasladou ás asociacións, co obxecto de apoiar ao sector apícola, e para reforzar o estado das colmeas, no ano 2017 incrementouse a dotación orzamentaria da orde de axudas á apicultura un 35%, pasando de 445.000 € en 2016 a 600.000 € en 2017, cara a deixar oportunamente cubertas as liñas de sobrealimentación das colmeas e renovación de ceras.

Así mesmo, o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) foi asinado o 29/06/2017. O obxecto do convenio é o estudo do comportamento, hábitat e impacto nos ecosistemas da Vespa velutina para a mellora dos métodos de control existentes,

así como o reforzamento das sinerxías e colaboración entre a Administración responsable das medidas de xestión e control e a comunidade científica, no relativo ás liñas de investigación no eido do estudo desta especie.

A necesidade de adaptar o Plan de vixilancia e control da Vespa velutina iniciado en 2014 á expansión da avésa, requiriu o acordo de creación dunha Comisión de Seguimento da problemática da Vespa velutina, en reunión celebrada o 13 de outubro de 2015 entre os diversos departamentos intervinientes no programa (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior – Vicepresidencia, Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias – Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural–Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Dirección Xeral de Saúde Pública –Consellería de Sanidade).

A Consellería do Medio Rural está en contacto permanente coas asociacións apícolas, non só mediante as diversas reunións celebradas, senón tamén a través do Servizo de Sanidade Animal, que mantén unha comunicación continua e fluída con elas, recollendo todas as súas observacións e propostas e participando nos diversos foros que estas organizan.

Todas as actuacións que se están a realizar dentro do Plan de vixilancia e control da Vespa velutina prográmanse estacionalmente, nuns determinados períodos do ano, baseados fundamentalmente no ciclo anual habitual da avésa.

A Consellería do Medio Rural ven realizando xa dende o ano 2014 unha extensa campaña de divulgación entre a cidadanía en relación a esta problemática. En materia de información e divulgación realizáronse diferentes actuacións ata o momento:

-Distribuíronse 60.000 folletos e 1.700 carteis informativos sobre a Vespa velutina, que foron enviados, a través das diferentes unidades participantes no programa, a todos os Centros de Atención Primaria da Consellería de Sanidade, a todas as Oficinas Agrarias Comarcais e Distritos Forestais da Consellería do Medio Rural, Distritos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita en xullo de 2016 outros 124.000 folletos, destinados a informar á poboación.

-A Consellería do Medio Rural realizou tamén unha ampla campaña de difusión en prensa e radio, e na Televisión de Galicia realizáronse diversos programas informativos sobre a problemática da Vespa velutina.

-O persoal da Consellería do Medio Rural participou tamén gratuitamente en charlas informativas organizadas por Concellos e outras entidades (asociacións apícolas, asociacións locais...), en relación á Vespa velutina.

En todas estas actividades divulgativas informouse sobre a presenza e repercusión da avéspera nos distintos ámbitos, incidindo sobre as características biolóxicas e de morfoloxía que permitan a diferenciación con outras especies de avésperas e abellas, tanto dos individuos como dos niños.

Así mesmo, o cidadán dispón de información actualizada na páxina Web da Consellería do Medio Rural http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/apicultura/vespa_velutina/.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 13:20:30



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10641**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a apertura das plantas pechadas con motivo das obras na Residencia de Maiores de Caranza, de Ferrol, así como a execución das obras pendentes e as súas intencións respecto da cobertura das demandas de persoal do centro”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A obra licitouse por procedemento aberto e urxente e publicouse no DOG con data 09 de decembro de 2015. O importe de licitación é de novecentos cinco mil cento cincuenta e catro euros con oitenta e nove céntimos (905.154,89 €). A obra adxudicouse con data 17 de marzo de 2016 por importe de setecentos corenta e un mil catro centos vinte euros (741.420) cun prazo de execución de 7 meses. A recepción das obras estaba pendente da tramitación ante a Consellería de Industria do novo centro de transformación instalado na Residencia. Actualmente a obra está totalmente executada, incluído o centro de transformación. Nestes momentos se está a realizar a recepción das obras para a posterior posta en funcionamento das plantas afectadas. A estes efectos, podemos lembrar que as actuacións que se realizaron segundo o proxecto construtivo son as seguintes:

Obras que afectan a planta 6ª e 7ª

1. Reforma integral das habitacións da zona residencial das planta 6ª y 7ª, con substitución dos pavimentos, execución de falsos teitos e renovación das instalacións.
2. Adaptación de todos os baños das habitacións das plantas 6ª y 7ª, incluíndo a reforma integral dos mesmos (duchas a ras de chan, ampliación anchos de portas, cambio de pavimento, instalacións, sanitarios e grifería).
3. Instalación dun sistema de intercomunicación residente – control enfermería.
4. Estudio da instalación existente de iluminación e mellora da mesma, no seu caso.
5. Estudio das condicións de seguridade das plantas 6ª e 7ª en caso de incendio e execución daquelas actuacións de adaptación que sexan técnica e economicamente viables.

6. Estudio das condicións da instalación eléctrica das plantas 6ª e 7ª e execución das actuacións necesarias para adaptala á normativa vixente.

7. Estudio das condicións das plantas 6ª e 7ª en materia de accesibilidade e execución daquelas actuacións de adaptación que sexan técnica e economicamente viables.

Obras que afectan as plantas 1ª e 5ª

1. Substitución do sistema de intercomunicación residente – control enfermería.
2. Adaptación da instalación eléctrica ata os cadros secundarios das plantas 1ª e 5ª.

Obras que afectan ao conxunto do edificio

1. Substitución das montantes de fontanería e calefacción que enlazan o anelo perimetral da planta baixa co resto das plantas.
2. Adaptación da instalación eléctrica ata os cadros secundarios da planta semisoto, da planta baixa, e das plantas altas.
3. Substitución das cubertas de fibrocemento existentes nas plantas 5ª e 7ª por outras de chapa metálica.
4. Mellora da urbanización do entorno inmediato ao edificio

As actuacións funcionais afectan especialmente ás plantas 6ª e 7ª e melloran as condicións de seguridade en caso de incendio e as condicións de habitabilidade destas plantas.

O resumo das actuacións que se están a acometer e as zonas sobre as que afecta é o seguinte:

- Mellórase o sistema de evacuación contra incendios das plantas 6ª e 7ª, con intervencións puntuais nas escaleiras interiores.
- Complétase o número de saídas de planta nas plantas 6ª e 7ª.
- Sectorízanse adecuadamente os ocos de ascensor.
- Realízase unha substitución completa da rede eléctrica de baixa tensión nas plantas 6ª e 7ª.
- Mellóranse as condicións de accesibilidade nos accesos.
- Actúase nos baños e habitacións das plantas sexta y sétima coa reforma integral de baños, portas de acceso e instalacións.
- Mellóranse e complétanse as instalacións de megafonía e interfonía das plantas 6ª e 7ª.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 15986
Data envío: 11/09/2017 12:33:00.215

- Mellórase a instalación de interfonía das plantas 1ª e 5ª.
- Substitución das cubertas de fibrocemento existentes nas plantas 5ª e 7ª.
- Mellora das luminarias e substitución das mesmas nas plantas 6ª e 7ª.
- Substitúense na rede de saneamento as baixantes e os colectores colgados.
- Substitúense os montantes de auga quente sanitaria.
- Pequenas intervencións de reparación e mellora de acabados nas plantas 6ª e 7ª.
- Adecúase a instalación eléctrica ata os cadros secundarios de todas as plantas.

En canto aos equipamentos houbo importantes adquisicións para a lavandería, así como axudas técnicas de diferente índole para o persoal, o que mellora notablemente a seguridade e saúde dos traballadores e usuarios.

Se volve a por de manifesto que, por outra banda, e en relación ao persoal, xa se ten comparado noutras ocasións en relación a esta cuestión, pero haberá que poñer de manifesto unha vez mais, que nos diferentes centros da Consellería de Política Social se cumpren as ratios normativamente establecidas. Nos centros, non só da provincia da Coruña, senón tamén no resto das provincias, as presencias reais de efectivos están moi por encima das ratios legalmente establecidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:32:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 15985

Data envío: 11/09/2017 12:32:50.731

Data 11/09/2017 12:32

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10672**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para para atender as demandas existentes en materia de persoal, arranxo das instalacións e dotación de medios materiais na Residencia Asistida de Maiores de Oleiros, as razóns que hai para non cubrir as baixas dos traballadores do centro e a súa opinión en relación coa adaptación das ratios de persoal ás características da residencia, así como a valoración da Consellería de Política Social respecto do ingreso neste tipo de centros de persoas con trastornos psiquiátricos procedentes dos hospitais psiquiátricos”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de atención directa dependentes da Consellería de Política Social non se atopan en estado de abandono. Ben é certo que, ante unha rede tan ampla de centros, por moito rigor que exista no mantemento xorden continuamente reparacións e estase continuamente acometendo obras e dotando aos centros de mobiliario e axudas técnicas para o persoal (guindastres,coxíns posturais, sabas de transferencia, colchóns antiescaras, táboas de transferencia....).

Polo tanto, e aínda que o estado do centro era correcto tanto para traballadores como para usuarios, a Consellería opta por unha mellora continua no servizo prestado aos colectivos en situación de especial vulnerabilidade por idade ou discapacidade. É por iso que se veñen de acometer as seguintes actuacións:

Redactouse un proxecto de reforma integral da enfermería que mellorou notablemente os espazos útiles, a distribución das zonas, a estética e a funcionalidade e sobretudo a seguridade de traballadores e usuarios, así como a reforma do chan, que presentaba algún problema de desnivel e que en canto foi coñecido pola Consellería de seguido se puxo en marcha para solucionalo, así como a adecuación de espazos da Residencia de Maiores de Oleiros con creación dun espazo independente para uso de residentes e familiares ademais. Esta actuación, a maiores de solucionar os problemas de operatividade pola falta de espazo, redundou nun beneficio para os familiares dos residentes. Ademais, executouse unha ampliación do espazo dedicado a talleres ocupacionais dos residentes.

Pola súa banda, a zona onde estaba ubicada a antiga cafetería estase a acondicionar por fases para permitir un uso a modo de centro de día con sala de fisioterapia. A nova sala de fisioterapia

inaugurouse con data 01 de xuño de 2017. No mes de xullo comezouse a executar o proxecto de reforma interior de animación sociocultural.

Con estas actuacións soluciónase o problema de acondicionamento espacial e mellorará o traslado dos asistidos para as actividades que desenvolven durante o día.

Por outra banda, o feito de que se arranxase o patio da entrada permitiu construír unha área de deambulación terapéutica e unha zona axardinada de paseo dos residentes, onde se realizan actividades.

A maior abastanza está previsto proceder entre 2017 e 2018 ao acondicionamento da lavandería e ao arranxo do chan das distintas plantas.

En canto aos equipamentos houbo importantes adquisicións para a lavandería, así como axudas técnicas de diferente índole para o persoal, o que mellora notablemente a seguridade e saúde dos traballadores e usuarios.

A estas actuacións a Consellería dedicou e está a destinar desde o punto de vista orzamentario mais de 1,1 millón de euros.

En canto ás condicións de traballo e demandas de persoal, de acordo co disposto no artigo 1 do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, 'este convenio colectivo establece e regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismos autónomos'.

O persoal laboral da Xunta de Galicia, como é obvio, tamén está afectado polo disposto no 'Real Decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores'.

O citado persoal laboral tamén está afectado en certos aspectos polo disposto na 'Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia'.

En consecuencia, as anteditas normas fixan as condicións de traballo do persoal laboral da Xunta de Galicia, obviamente tamén os da Consellería de Política Social e os seus centros. Normas, que a Consellería respecta escrupulosamente.

Respecto da cobertura das diferentes ausencias, dende a consellería de Política Social estase a substituír todo o necesario, co fin de que as ratios de persoal legalmente establecidas queden sempre cubertas, como non podería ser doutro xeito. É máis, en moitos casos supérase amplamente esa ratio



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:32
Nº Rexistro: 15985
Data envío: 11/09/2017 12:32:50.731

de persoal, co fin de que a prestación do servizo se preste nas mellores condicións posibles. Non debemos esquecer que en moitos centros estamos cunha dotación de persoal que supera a ratio mínima establecida.

Debemos lembrar así mesmo, a importante creación de 155 prazas, realizada a través da modificación da relación de postos de traballo publicada o 7 de agosto de 2015. As ditas prazas non só foron creadas senón que están efectivamente cubertas nos centros de benestar.

O anterior está supoñendo unha relevante mellora, tanto na calidade dos servizos públicos, competencia desta consellería, como nas condicións laborais dos nosos traballadores.

Isto supuxo tamén, tanto un importante descenso da carga de traballo, como un aumento das posibilidades de gozar dos días de asuntos persoais que soliciten, sen estar condicionados por necesidades do servizo.

Ademais produciuse unha importante mellora nas posibilidades de conciliación da vida persoal e profesional dos nosos traballadores e traballadoras, ao poder gozar o persoal en quendas rotatorias de libranzas polo menos en fins de semana alternos.

Queda acreditada pois a vontade desta Consellería de mellorar a calidade asistencial e das prestacións que se fai aos nosos usuarios, sen esquecer as condicións laborais dos traballadores coa creación das citadas novas prazas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:32:46



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10697** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno para posibilitarlle ao alumnado do IES Agra do Orzán o uso do polideportivo do barrio de xeito estable, as medidas que está a adoptar co fin de optimizar e mellorar a prestación de servizos nos polideportivos autonómicos radicados na Coruña e as actuacións que está a desenvolver, en coordinación co Concello da Coruña, para avaliar a posibilidade de transferir a ese Concello a titularidade e xestión dos polideportivos autonómicos radicados nese termo municipal.”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 1ª do 7.07.2017- pola secretaria xeral para o Deporte, ao darlle resposta á pregunta 10696 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:52:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 10731** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da oferta dun servizo de comedor propio no CEIP Novo Mesoiro e as razóns existentes para preferir servizo de cátering”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Existen comedores de xestión indirecta (cátering) en todos os casos : xestionados pola Xunta, polas Anpas e polos Concellos.

Non existe ningún problema nas distintas modalidades de xestión, que entendemos deben ser compatibles coa responsabilidade da Administración educativa de facer un uso eficaz e eficiente dos recursos públicos.

Todos os comedores, sexan de xestión directa ou indirecta, deben cumprir coa Guía de menús saudables (elaborado pola Consellería de Sanidade), onde se establecen as condicións nutricionais, organolépticas, de gramaxe e de calidade esixidas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:33:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 15987

Data envío: 11/09/2017 12:33:18.528

Data 11/09/2017 12:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10774**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para a asunción da implementación de programas de atención de menores vulnerables, como os que está a desenvolver Caixa ProInfancia, os programas específicos na materia que vai por en marcha no ano 2018 e a data estimada para a asunción da xestión directa de todas as prestacións e servizos da área de menores”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Inicialmente é preciso puntualizar que os convenios de colaboración son entre a Xunta de Galicia, a Fundación LaCaixa e os concellos das sete grandes cidades de Galicia.

A Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, referente de planificación das medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social da Xunta de Galicia, integra a loita contra a pobreza infantil como unha das súas prioridades transversais.

No marco da Estratexia establécense obxectivos e medidas dirixidas a abordar as situacións de vulnerabilidade das familias con menores que xa se están a levar a cabo. Trátase, por exemplo, dos apoios técnicos para acompañar nos procesos de inclusión sociolaboral das persoas adultas desas familias, que incorporan un enfoque de intervención que comprende a atención das necesidades das persoas menores desa unidade. Así, desde a Consellería de Política Social, finánciase o desenvolvemento de programas de educación familiar e de reforzo educativo dos menores que presentan maiores desigualdades educativas. Tamén, desde o Departamento de Educación do Goberno da Xunta de Galicia, promóvense medidas de educación inclusiva que comprenden a realización de contratos-programa para o éxito escolar das persoas vulnerables e reforzar a adquisición de competencias clave. Ademais, ese Departamento dispón axudas económicas para a adquisición de libros de texto e material escolar, bolsas, entre outros apoios dirixidos á permanencia na escola. A Xunta, por outra banda, presta apoio á renda das familias vulnerables que permiten a cobertura das necesidades de alimentación, vestido e apoios técnicos que precisen os menores, a través, por exemplo das axudas de Inclusión Social.

A iniciativa privada non coordina o persoal público, senón que colabora e se coordinan a prol dunha maior eficacia das medidas postas en marcha.

Entre os obxectivos relativos á abordaxe da pobreza infantil, a Estratexia de Inclusión Social prevé crear unha rede de coordinación entre os diferentes axentes públicos e privados que traballan con menores, favorecendo a atención do/a menor no seu medio familiar e social, e dando prioridade á acción preventiva.

Trátase, así, de integrar recursos dispoñibles nos diferentes ámbitos territoriais e de xerar sinerxias entre os axentes que operan e cooperan a nivel local para mellorar o seu impacto na poboación destinataria. Trátase de optimizar os beneficios que supoñen a existencia de accións promovidas pola iniciativa privada e que lle son complementarias á acción pública.

Segundo se recolle no documento da Estratexia de Inclusión Social de Galicia, na nosa Comunidade autónoma, a pobreza infantil concéntrase nas grandes áreas urbanas e nas súas áreas de influencia. O Programa Caixa Proinfancia é unha destas accións que se poñen a dispor das políticas sociais municipais dirixidas a menores vulnerables desde os servizos sociais comunitarios. Precisamente é o propio concello quen determina os distritos municipais onde se leva a cabo este programa.

Como sucede neste e noutros programas de cooperación público-privada, as entidades proporcionan recursos de xeito solidario que apoian actuacións que coordinan e dirixen as Administracións Públicas. Constitúen achegas importantes para acadar obxectivos das políticas públicas, pero iso non implica que as Administracións públicas se eximan de crear ou manter os seus propios recursos, bens e servizos, neste caso no ámbito dos servizos sociais.

No vindeiro ano a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, dará continuidade -e reforzará naqueles casos que o precisen- as medidas comprendidas na Nova Axenda Social de Galicia. Estas medidas están dirixidas a apoiar á renda das familias con baixos recursos integradas por menores, a abordar a pobreza enerxética e evitar privacións materiais relativas ao da vivenda habitual, e a promover accións no ámbito familiar promotoras da inclusión social.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:33:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 16197

Data envío: 13/09/2017 12:31:08.873

Data 13/09/2017 12:31

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10949**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para garantir nos procedementos de contratación pública os principios comunitarios de non discriminación e transparencia, así como a non restrición ou limitación da competencia, e as razóns existentes para non emitir a consulta preliminar ao mercado antes do inicio do expediente para a licitación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de gardacostas de Galicia, segundo o disposto na Directiva 2014/24/EU”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:31:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:52
Nº Rexistro: 16480

Data envío: 14/09/2017 10:52:41.940

Data 14/09/2017 10:52

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 10960**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da demora do Goberno galego na aprobación do regulamento de desenvolvemento e do código de accesibilidade previstos na disposición final primeira da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, as súas consecuencias e as súas previsións respecto da súa aprobación no ano 2017, o arranxo entrementes dos problemas detectados na aplicación do Decreto 35/200, do 28 de xaneiro, así como a adopción de medidas para favorecer e controlar a aplicación desa lei de xeito igualitario en todos os concellos”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O benestar da cidadanía e a erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con máis dificultades constitúen piares esenciais da política social do Goberno galego. Por iso, Galicia conta cunha nova lei de accesibilidade, que entrou en vigor en marzo de 2015 (Lei 10/2014, do 3 de decembro). Un feito obxectivo e que, tanto a lei de accesibilidade anterior do ano 1997 como a actual, foron aprobadas baixo gobernos do Partido Popular, sen dúbida exemplo claro dun compromiso para acadar unha sociedade inclusiva, sen atrancos que impidan a participación de todas as persoas.

O fin último desta normativa é impulsar unha sociedade máis inclusiva, xa que este novo texto aspira a superar tanto as barreiras físicas como aquelas relacionadas coa comunicación, co fin de acadar a accesibilidade universal.

Para conseguilo, a Lei 10/2014 introduce importantes cambios no eido da sociedade da información (TIC, páxinas web...) e as telecomunicacións. Desta maneira, a normativa ten un enfoque máis global e un alcance superior ao da anterior normativa, que databa do ano 1997 e que a partía do concepto de eliminación de barreiras só no eido arquitectónico.

Neste sentido, por exemplo, a partir de agora, as administracións públicas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación mediante o establecemento de mecanismos e alternativas

CVE-PREPAR: f5f3bd89-5b54-dd41-6288-5a7a22b16aa8

técnicas e humanas, como os intérpretes de lingua de signos para persoas xordas, con discapacidade auditiva e persoas xordocegas.

Este texto foi consensuado tanto na súa redacción inicial, como no seu trámite parlamentario, coas principais entidades sociais do ámbito da discapacidade, así como coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e os diferentes grupos parlamentarios.

Pero sen dúbida este Goberno é consciente de que é necesario seguir traballando para que a accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía, sexa un principio e un criterio básico na práctica cotiá, de xeito que todas as persoas poidan acceder en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible, a calquera contorno, servizo, produto..., é dicir, que o conxunto da poboación, con independencia das súas capacidades, teña acceso aos mesmos.

Ademais, non se pode obviar a grande relevancia que a accesibilidade ten na vida das persoas con discapacidade de xeito que o Goberno galego ven de renovar o compromiso da Xunta de Galicia para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa plena inclusión social, coa aprobación da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, e que comprende 6 liñas estratéxicas de actuación, sendo unha delas a Liña de Accesibilidade que ten como obxectivo estratéxico asegurar a accesibilidade universal que faga posible a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos en igualdade de condicións que o resto da poboación; concretamente esta liña comprende actuacións a realizar no horizonte temporal desta Estratexia, a cal foi deseñada e elaborada polas propias entidades representativas das persoas con discapacidade que participaron no grupo de traballo que se creou con esta finalidade

Polo tanto, a Xunta de Galicia fai unha valoración totalmente positiva do cumprimento dos obxectivos previstos na Lei, coa creación dunha Comisión Técnica de Accesibilidade e sen escatimar esforzos nos investimentos realizados nos centros dependentes da Consellería de Política Social.

Este compromiso materializouse nos últimos anos a través do impulso e da posta en marcha de políticas e actuacións dirixidas a garantir os dereitos e a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.

Compre ademais indicar que parte das actuacións previstas para os vindeiros anos ao abeiro da Esgadi serán desenvolvidas no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e mediante as súas respectivas liñas de financiamento. Como exemplo do mesmo está o programa de subvencións aos concellos galegos para a mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público (cofinanciado polo po feder 2014-2020). Trátase dunha liña de axudas que ten por obxecto a execución de obras de mellora para garantir a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas e de obras e



intervencións para eliminar as barreiras de comunicación en edificios destinados a prestación de servizos públicos e tamén nos espazos públicos, así como a adquisición e instalación de equipamento para garantir a accesibilidade nos ditos edificios e espazos, en réxime de concorrència competitiva, e prestando atención, ademais ao número de habitantes maiores de 65 anos residentes no concello solicitante e tamén a persoas con discapacidade que residan no mesmo, xunto con outros criterios de valoración como é o da poboación total do concello, entre outros.

Para esta orden de axudas se destinou unha partida orzamentaria de 900.000€.

Este é a primeira vez dende 2009 que se convoca esta liña de axudas, e a intención do Goberno galego é que teñan continuidade, posto que ven a dar cumprimento a unha das obrigas que se asume na citada ESGADI, en tanto que con ela se contribúe a dar resposta a un dos obxectivos prioritarios da mesma como é o de asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural. Neste sentido, é indubidable que se ten avanzado na aplicación dos criterios de accesibilidade, pero resulta necesario continuar apoiando medidas de fomento que reduzan as carencias de accesibilidade existentes e lograr que os contornos e servizos sexan sempre universalmente accesibles.

Asimesmo, nos últimos anos a Consellería de Política Social ven dedicando un importante esforzo orzamentario. Entre equipamentos e obras podemos falar de 2.000.000 de euros aproximadamente.

As obras consistiron basicamente en adaptacións dos edificios administrativos mediante colocación de rampas de acceso, acondicionamento baños, instalacións ascensores, acondicionamento habitacións... e leváronse a cabo nas distintas infraestruturas da Consellería de Política Social.

Cabe enfatizar que adaptar os espazos a lei de accesibilidade non soamente implica a colocación de 'stándares' que todo o mundo coñece (rampas, baños adaptados...) senón a supresión de calquera elemento arquitectónico ou paisaxístico que dificulte/ impida o acceso dos cidadáns ás dependencias en condicións de igualdade. É por isto que, a mellora da accesibilidade pasa por mellorar unha fenda no chan que poida xerar unha dificultade para un usuario en cadeira de rodas ata ampliar os espazos e dependencias administrativas para non xerar prexuízo a aqueles usuarios que necesitan un ámbito de movemento máis amplo para desenvolver as súas rutinas, pasando por sinalizar bancos de maneira acústica ou visual, o simplemente situar o mobiliario nas zonas que menos dificulten o paso e a vista. A 'accesibilidade' non é sinónimo de 'facilidade de movemento físico'. Vai moito máis alá, é sinónimo de garantir un equilibrio arquitectónico e paisaxístico que impida que se produzan desigualdades nas condicións de acceso e percepción.

Outras medidas que se están levando a cabo pola Xunta de Galicia, e en canto ás medidas previstas para dar cumprimento ao relativo ás condicións de accesibilidade en edificios de titularidade privada de

uso residencial de vivenda, a Xunta de Galicia ten convocado as seguintes axudas entre as que se atopan, actuacións subvencionables en materia de accesibilidade:

- Subvencións para actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da área de rehabilitación integral dos Camiños de Santiago, no marco do Programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de apoio á implantación do informe de avaliación dos edificios do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de rehabilitación edificatoria do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Subvencións do Programa de infravivenda do Plan rehaVIta: Plan galego de rehabilitación, alugamento e mellora de acceso á vivenda 2015-2020, e se convocan para o ano 2017.

Subvencións do Programa Rehaluga dirixidas ás persoas propietarias ou usufrutuarias das vivendas en trámite de incorporación no marco do Programa de vivendas baleiras e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Axudas financeiras, para a anualidade 2017, do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas, con financiamento plurianual.

Axudas autonómicas previstas para o programa de rexeneración e renovación urbanas do Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.

Axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás comunidades de propietarios/as para a reparación, a rehabilitación e/ou a adaptación dos edificios de vivendas protexidas promovidos polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como dos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma de Galicia.

Por outra banda a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia, regula no seu título II 'Das vivendas protexidas e de outras actuacións protexidas', capítulo II 'Do réxime xeral das vivendas protexidas' e, en concreto, no seu artigo 74, as posibles reservas nos procedementos de adxudicación de vivendas de promoción pública.

Entre os colectivos susceptibles de aplicación da dita reserva atópanse as unidades familiares ou de convivencia con 'movilidade reducida de algunha das persoas integrantes da unidade familiar ou



convivencia cun grao de minusvalía recoñecida igual ou superior ao 33%', e fixa a porcentaxe máxima de reserva nun 30% das vivendas ofertadas.

Polo que se refire ás vivendas de protección autonómica incluídas dentro do marco do programa autonómico de desenvolvemento do Plan estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas, no ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia, a ampliación da superficie máxima das vivendas de 90 a 120 m² establecida por primeira vez no plan 2009-2012 fixo innecesaria a reserva de vivendas para persoas con discapacidade do plan anterior nas que se permitía ampliar a superficie de 90 a 108 m².

No ámbito turístico estanse xa a impulsar a través do plan de accesibilidade turística de Galicia e do Camiño de Santiago, un conxunto de iniciativas específicas, nos aloxamentos, restaurantes, sinalización, etc, para a mellora do turismo accesible no destino Galicia, deseñando así unha oferta de produtos de turismo accesible, diferente e atractiva para o mercado turístico, proporcionando ao sector turístico galego o soporte e ferramentas adecuadas para avanzar de cara a acadar a accesibilidade universal, situando a Galicia na primeira línea como destino de turismo accesible no mercado nacional e internacional.

A Xunta de Galicia tódolos anos incrementa este orzamento porque volvendo a redundar na resposta anterior, a accesibilidade e un proxecto de mellora continua. As veces as barreiras son invisibles e soamente as percibe o perxudicado, polo que o enfoque da actividade administrativa e desta Consellería en concreto pasa por conseguir un efecto 'insight' nos nosos usuarios e en todos os colectivos en situación de especial vulnerabilidade por ter problemas de accesibilidade.

Todas as políticas aplicadas pola Xunta de Galicia e concretamente por esta Consellería recollen e internalizan os principios de accesibilidade, polo que, todo o noso orzamento se executa de modo xeral en mellorar os obxectivos recollidos na Lei e concréntanse algunhas actuacións máis específicas que son as que ao final coñece a opinión pública.

A propia pregunta nos da a resposta, a accesibilidade ostenta unha dimensión preventiva ampla e outra correctiva, todas as nosas actuacións constitúen inversión en accesibilidade, porque é un dos grandes obxectivos perseguidos pola Consellería.

Por outra banda , a Xunta de Galicia e, concretamente esta Consellería pode garantir que se está a traballar en continuo neste extremo. Non é unha cuestión de inventario, (cantas salas, cantos asentos, que número de sinais acústicas...), senón un proceso de mellora continua no marco dunha política integradora desde un punto de vista correctivo e preventivo.

O entramado de centros que dependen da Consellería de Política Social é obxecto de inspección e melloras día a día, polo que, dificilmente habería instalacións que impidan aos individuos exercer os seus dereitos con plena autonomía física, psíquica e sensorial.

Polo tanto, estudamos, diagnosticamos, implementamos as medidas e melloramos as condicións de integración física, psíquica e sensorial en todos os nosos centros. Non nos adicamos a contar centros, senón a resolver os problemas.

Para rematar, nese compromiso que ten o Goberno galego, cómpre que todas as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, traballen a reo para que accesibilidade universal e o deseño para toda a cidadanía sexa unha realidade, polo que, tendo en conta as consideracións iniciais e dando resposta a pregunta formulada, este Goberno realizará todos os esforzos necesarios para que accesibilidade universal sexa unha realidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:52:38



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para a redacción e aprobación dun plan xeral de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia.”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“O mapa de infraestruturas deportivas de Galicia é tan denso como esixe a nosa extensión xeográfica e a calidade dos nosos atletas. Unha ampla demanda debe de ser atendida cunha oferta aínda maior. As peticións dos concellos e demais entidades para a construción de novas infraestruturas e reforma das xa existentes rexístranse día tras día na Secretaría Xeral para o Deporte. Antes da realización de calquera investimento, realízase un exhaustivo estudo da situación atendendo aos criterios de necesidade e urxencia. Un traballo que vén apoiado polas xefaturas de servizo de cada provincia.

A Secretaría Xeral para o Deporte acomete aquelas obras que sexan máis urxentes e necesarias, a través dun exercicio de planificación e priorización do gasto. A Secretaría Xeral para o Deporte garante que Galicia contará coas mellores instalacións deportivas, para continuar xerando os mellores deportistas. Por iso, ademais da planificación xa existente, traballamos na elaboración do Plan Director de Infraestruturas Deportivas que sirva de marco de decisión para determinar os investimentos dirixidos á creación de novas instalacións. Un Plan que subsanará a carencia de determinados equipamentos básicos e corrixir os desequilibrios territoriais actualmente existentes en canto a infraestruturas deportivas nalgúns concellos e comarcas de Galicia.

Como paso previo a este Plan de Infraestruturas, a Secretaría Xeral para o Deporte mellora día a día o censo/rexistro de instalacións deportivas de Galicia. Un traballo iniciado tempo atrás e que encara os pasos para a concreción final do rexistro, utilizando as ferramentas tecnolóxicas que xa a día de hoxe colocan a cidadanía no eixe principal da promoción



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

dunha vida activa e saudable. A día de hoxe a plataforma Galicia Activa conta con preto de 2.000 recursos para levar unha vida activa. A través dos proxectos de colaboración institucional daranse os pasos necesarios para acadar a actualización anual de todos os recursos existentes na comunidade (instalacións convencionais e non convencionais) para que os galegos e galegas gocen dun maior nivel de saúde a través da practica regular de actividade física, exercicio físico e deporte.

Precisamente son as infraestruturas un dos puntos no que estamos traballando a fondo nesta nova etapa da Secretaría Xeral para o Deporte. Ésta reúne periodicamente cos responsables políticos de diferentes cidades galegas para comprobar in situ o estado das instalacións onde se practica deporte. En Galicia queremos aos mellores deportistas pero somos conscientes de que para ter aos mellores deportistas precisamos dos mellores medios. Debemos crear e acondicionar os espazos necesarios para que os atletas galegos poidan adestrar nas mellores condicións.

Na actualidade, contamos cun gran número de campos de fútbol, pazos de deportes, piscinas, pavillóns polideportivos, pistas de atletismo, unha estación de esquí... O deporte é accesible a todos e a todas.

Como exemplo da importancia que teñen as infraestruturas para a Secretaría Xeral para o Deporte, destaca a construción da pista cuberta de atletismo de Expourense. Estamos a falar dun investimento de preto de 3 millóns de euros e dunha infraestrutura de seis rúas en pista circular de 200 metros de perímetro, oito rúas en pista recta, zona de lanzamento de peso, zona de saltos de altura, lonxitude e pértega. Estamos a falar da primeira pista de atletismo hidráulica cuberta de Galicia que xa está catalogada como unha das tres mellores de España. Ademais tamén cómpre destacar a reforma integral do complexo deportivo de Balaídos a través da actuación nas pistas de atletismo. Unha actuación valorada en 2,7 millóns de euros (2,3M€ achegados pola Secretaría Xeral para o Deporte e outros 400.000 euros achegados polo Concello) posibilitará acadar para Vigo unha instalación deportiva de primeiro ao servizo do atletismo vigueses, toda vez que satisface unha demanda do propio Concello e do atletismo galego. Esta actuación dá cumprimento ao compromiso da Xunta expresado en 2011 e continúa co modelo de actuación da Xunta nas infraestruturas deportivas en Vigo, envorcado co deporte base. Se queremos ter os mellores deportistas



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

necesitamos as mellores instalacións. A xestión do deporte require facer obras, reformar, ampliar e construír novos espazos.

Neste exercicio 2017, a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte destina un total de 2.425.570 euros para a construción e a mellora das infraestruturas deportivas de Galicia (obra propia, equipamento e obras nas infraestruturas municipais) destinando 1.348.000 euros en particular no Capítulo 760 para as obras nas infraestruturas deportivas dos concellos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:52:28



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **11103**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as razóns da discordancia existente entre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 e o orzamento executado no ano 2016 no referido ao número e custo dos capeláns que prestan servizos relixiosos no Sergas e as previsións do Goberno galego ao respecto para os orzamentos de 2018”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento inicial do ano 2016 foi de 683.498 euros e o gasto total ascendeu a 587.013 euros.

No orzamento inicial do 2017 dótase de 705.159 euros.O incremento é consecuencia da aplicación dos incrementos nas pagas extraordinarias dun 3,17 % sobre o orzamento do 2016.

Nos últimos anos non se ten modificada a dotación de 52 prazas de capeláns no cadro de persoal do Servizo Galego de Saúde.

En relación coa previsión para os orzamentos de 2018 no que respecta aos servizos relixiosos no Sergas seguiranse a aplicar os convenios asinados co Arzobispado tal e como se ven facendo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:07:11



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 11167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de depuradoras pendentes de planificar en Galicia na actualidade, a opinión do Goberno galego respecto da inexistencia de garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en diversas zonas da comunidade autónoma, a falta de un sistema axeitado de tratamento e a existencia de risco para a saúde pública, así como o nivel de cumprimento do Plan de saneamento de Galicia 2000-2015 e o balance que fai do seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

”No Plan de Saneamento están planificadas todas as depuradoras de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Actualmente, están executadas todas as depuradoras recollidas nesa planificación agás a de Poio-Raxó (por razóns alleas á Administración autonómica, xa que a ubicación debe ser decidida polo concello) e a nova EDAR de Santiago de Compostela (da que en breve se asinará o convenio entre as tres partes implicadas).

Como balance, cómpre incidir en que se está a dar cumprimento á lexislación existente en materia de saneamento.

Sobre o número de cidadáns que dispoñen de sistemas de saneamento individuais, cómpre lembrar que o saneamento é unha competencia municipal, polo que Augas de Galicia non dispón desta información.

En canto ao nivel de cumprimento do Plan de Saneamento 2000-2015, cómpre lembrar que a previsión era de poñer os mecanismos en 154 aglomeracións urbanas de máis de 2.000 habitantes equivalentes. Destas aglomeracións, como xa se indicou, unicamente están pendentes de

executar a depuradora de Poio-Raxó e a depuradora de Santiago de Compostela”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:27:42



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16540

Data envío: 14/09/2017 14:06:04.046

Data 14/09/2017 14:05

AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 11186**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a partida orzamentaria na que están consignados os cerca de 8 millóns de euros correspondentes ao investimento anunciado polo Goberno galego para a rehabilitación do Hospital Materno-Infantil de Lugo”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa actuación para o Centro Integral de Saúde de Lugo cos orzamentos do 2017 asumírase a realización do anteproxecto e a redacción do proxecto básico de execución. Existe o firme compromiso de que segundo as fases que marque este proxecto, no orzamento do ano 2018 e seguintes incluíranse as anualidades dependendo do prazo de execución do proxecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: f21989d7-b235-9034-1726-46c0bfff66183



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 14:05:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:52
Nº Rexistro: 16478

Data envío: 14/09/2017 10:52:10.362

Data 14/09/2017 10:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 11196**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto dos problemas de climatización que padecen as persoas residentes e os traballadores da residencia pública de maiores Volta do Castro, de Santiago de Compostela, a realización dalgún estudo técnico referido á eficiencia enerxética do centro e as actuacións e reformas previstas para mellorar o seu illamento térmico”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de atención directa dependentes da Consellería de Política Social non se atopan en estado de abandono. Ben é certo que, ante unha rede tan ampla de centros, por moito rigor que exista no mantemento xorden continuamente reparacións e estase continuamente acometendo obras e dotando aos centros de mobiliario e axudas técnicas para o persoal (guindastres,coxíns posturais, sabas de transferencia, colchóns antiescaras, táboas de transferencia, ventiladores, etcc...).

Polo tanto, e aínda que o estado dos centros é correcto tanto para traballadores como para usuarios, a Consellería opta por unha mellora continua no servizo prestado aos colectivos en situación de especial vulnerabilidade por idade ou discapacidade.

Non é unha cuestión baladí o feito de que, acometer unha obra en calquera instalación implica ter en conta o efecto sobre o resto dos edificios e instalacións polo que se adica o tempo necesario desde o punto de vista técnico a elaborar un estudo pormenorizado das actuacións a realizar para unha execución correcta, eficaz, idónea e sobre todo segura. Ningunha queixa partidista que impoña premura nas actuacións vai conseguir que esta Consellería execute actuacións sen realizar estudos previos e poñendo en perigo a seguridade e saúde dos traballadores e usuarios.

En canto a cuestión plantexada, para mellorar as condicións térmicas do centro instalouse unha estrutura prefabricada que actúe a modo de brise soleil. Con iso conseguíuse minimizar o impacto directo do sol sobre os vidros. Ademais o brise soleil deseñouse de tal maneira que ofrece unha

saída segura á cuberta do edificio e permite a limpeza dos vidros da pasarelas desde o exterior. O brise-soleil instalouse na ala oeste, e dado o seu correcto funcionamento vaise estender a solución construtiva ao resto das alas.

Xa está contratada actualmente a execución dun sistema de ventilación cruzada e a instalación doutro parasol e se procedeu o arranxo de distintos cristais que co paso dos anos estaban un pouco deteriorados. Así, e cando remate a execución das actuacións, reducirase o impacto directo do sol sobre a residencia.

Esta obra é totalmente imprescindible para salvagardar a saúde dos residentes e a seguridade do persoal de mantemento que é o obxectivo perseguido pola Consellería.

En canto aos equipamentos houbo importantes adquisicións, así como axudas técnicas de diferente índole para o persoal, o que mellora notablemente a seguridade e saúde dos traballadores e usuarios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:51:33



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:51
Nº Rexistro: 16477
Data envío: 14/09/2017 10:51:25.081

Data 14/09/2017 10:51

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 11214**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“as razóns da execución no primeiro trimestre de 2017 de só o 8% dos recursos da partida orzamentaria da Consellería de Política Social destinada a plans contra a desigualdade económica”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.312A.480.2, dotada cun crédito inicial de 3.223.000 €, fináncianse parte das medidas incluídas no plan social contra a desigualdade económica, concretamente as axudas de inclusión social (AIS).

As citadas axudas de inclusión social son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade sufragar gastos extraordinarios e urxentes de distintos tipos, como os que permiten atender as necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval, a mellora da habitabilidade da vivenda habitual ou os gastos derivados de procesos de axuste persoal.

Os trámites a seguir para a súa tramitación están regulados na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, e en base á mesma resólvense as solicitudes que se van recibindo ao longo de todo o exercicio orzamentario, estando previsto executar a totalidade do crédito dispoñible antes de que finalice o ano. De feito, o dato de execución orzamentaria a 30 de xuño ascende a 1.724.374,61 €, isto é, o 51,66 % do crédito dispoñible.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:51:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:33
Nº Rexistro: 15988

Data envío: 11/09/2017 12:33:45.872

Data 11/09/2017 12:33

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 11259**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e don Luis Villares Naveira, sobre **“as razóns da execución no primeiro trimestre de 2017 de só o 0,76% dos recursos da partida orzamentaria da Consellería de Política Social destinada ao programa de axudas e subvencións en materia de servizos sociais”**, (publicada no BOPG número 144 do 12 de xullo de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Co crédito do que dispón o programa de axudas e subvencións en materia de servizos sociais da Consellería de Política Social, que ascende a 2.300.000 €, finánciase parte dunha orde de subvencións dirixida a entidades de iniciativa social para a promoción de actividades de servizos sociais comunitarios e inclusión social, e concretamente a liña destinada o funcionamento de centros de inclusión e emerxencia social así como á realización de actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun proxecto de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos.

En resposta ás demandas das entidades, que deste xeito dispoñen dunha maior estabilidade na súa programación, a citada orde de axudas é plurianual. No primeiro trimestre do ano, ao que alude a pregunta, a orde que estaba vixente abarcaba actuacións comprendidas entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de marzo de 2017.

O pagamento das axudas efectúase cando as entidades beneficiarias das mesmas as xustifican, polo que a 31 de marzo, último día do prazo para realizar actuacións susceptibles de ser financiadas, moi poucas entidades tiñan presentado solicitude de pagamento.

A 30 de xuño, a totalidade das entidades beneficiarias da orde de axudas 2016-2017 tiñan cobrado o importe que lles correspondía, e o restante crédito orzamentario da partida sinalada empregouse en financiar a convocatoria da orde que financiará actuacións a desenvolver entre o 1 de abril de 2017 e o 30 de xuño de 2018.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias


Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:33:41



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727